

PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN (PLEA)

Elaboración e deseño: curso 2025/26 ·
Vixencia: 2026/27 – 2029/30 (4 cursos)

Coordinación PLEA: María Felpeto Losada
Departamento de Lingua Castelá e Literatura
Coordinadora da Biblioteca

Contenido

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.....	3
1.1. Relación con outros documentos de centro	3
2. CONTEXTO.....	3
2.1. Contorna do centro	3
2.2. Ámbito lingüístico.....	3
2.3. Ámbito socioeconómico e familiar.....	4
2.4. Recursos socioculturais.....	4
2.5. Contexto educativo	5
2.6. Conclusión da análise do contexto.....	6
3. MARCO NORMATIVO	6
4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA	7
4.1. Traxectoria do centro	7
4.2. Recursos e espazos.....	7
4.3. Oferta formativa do centro	7
4.4. Necesidades detectadas	8
5. FINALIDADES E OBXECTIVOS	8
5.1. En relación coa lectura	8
5.2. En relación coa escritura	8
5.3. En relación co uso e tratamento da información	8
6. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN	9
7. ACTUACIÓNS CONCRETAS (PXA 2025/26).....	9
8. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN.....	10
9. TEMPORALIZACIÓN DA FASE DE ELABORACIÓN	11
10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	12
10.1. Instrumentos de recollida de información	12
10.2. Dimensións de avaliación	12
11. RELACIÓN CON PROGRAMAS E RECURSOS.....	12
ANEXOS.....	14
ANEXO A. MODELO DE ENQUISA INICIAL PARA O ALUMNADO	14
ANEXO B. CRONOGRAMA DE ROTACIÓN «HORA DE LER»	15
Indicacións de aplicación.....	15
ANEXO C. TÁBOA DE INDICADORES AMI (ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL).....	16

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) é un documento de centro que integra todas as intervencións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso e no tratamento da información, así como á comunicación do coñecemento, como apoio á adquisición das competencias clave (Resolución 16/10/2025, apartado segundo).

Este plan actúa como facilitador da aprendizaxe en todas as áreas e módulos do currículo, buscando pasar da descodificación á comprensión profunda, á análise crítica e á produción de textos propios en múltiples soportes: escrito, oral, podcast e vídeo.

1.1. Relación con outros documentos de centro

- **Proxecto Educativo de Centro (PEC):** o PLEA integrarase como eixo transversal tras a súa aprobación polo Consello Escolar ao remate do presente curso. O contexto e os obxectivos do Plan —que teñen vixencia de catro cursos— trasladaranse ao PEC.
- **Programación Xeral Anual (PXA):** o PLEA concretarase anualmente a través da PXA, con actuacións específicas, seguimento e difusión.
- **Plan de Biblioteca:** a biblioteca escolar actúa como centro de recursos e motor principal das accións do PLEA, en coordinación coa persoa coordinadora do plan.
- **Plan MEGA:** o PLEA é peza clave na estratexia galega para reforzar a competencia lectora e o pensamento crítico do alumnado.

2. CONTEXTO

2.1. Contorna do centro

O IES Lois Peña Novo sitúase en Vilalba, capital da comarca da Terra Chá, no centro da provincia de Lugo . Trátase dunha contorna fundamentalmente rural, aínda que cun núcleo urbano relevante que actúa como centro de servizos comarcais. A poboación distribúese entre o casco urbano e numerosas parroquias, o que implica:

- Dispersión xeográfica do alumnado
- Dependencia do transporte escolar
- Diferenzas no acceso a recursos culturais

A zona caracterízase por unha chaira extensa con importante aproveitamento agrario, o que condiciona tamén o perfil socioeconómico e cultural das familias.

2.2. Ámbito lingüístico

Dentro do contexto social, a lingua dominante é o galego, especialmente no ámbito rural, aínda que non podemos obviar un uso habitual tamén do castelán.

En canto á lingua materna do alumnado, este é maioritariamente galegofalante. A representación de alumnado castelanfalante é considerablemente menor, porén temos que ter

en conta a presenza de alumnado inmigrante, bastante relevante neste centro que, nalgúns casos, como é o da comunidade marroquí, non manexa ningunha das nosas linguas oficiais.

Polo que respecta á lingua vehicular, a nosa comunidade conta con dúas linguas oficiais, galego e castelán, linguas que os galegos temos a obriga de coñecer e o dereito de usar segundo a normativa vixente. É por isto que, dende os centros educativos, debemos garantir a competencia do alumnado en ámbalas dúas. Por este motivo, a oferta lingüística do centro móvese no ámbito das dúas linguas oficiais como base fundamental das distintas materias e módulos que se imparten. A maiores, ofrécese oferta en Inglés tanto nas materias e módulos que se imparten nesta lingua, como a través do programa CUALE (Curso para a formación complementaria en linguas estranxeiras).

O feito de pertencer a unha comunidade bilingüe, conleva a existencia de interferencias entre galego e castelán, tanto na produción oral coma na escrita, así como unha serie de dificultades para a formalización da lingua escrita. Isto trae consigo a necesidade real de levar a cabo un reforzo da competencia comunicativa en contextos formais. Pola súa parte, o centro aposta pola dinamización do galego así como pola competencia plurilingüe.

2.3. **Ámbito socioeconómico e familiar**

Como xa apuntamos no apartado primeiro, a zona na que se atopa o noso centro caracterízase por ser una chaira extensa cun importante aproveitamento agrario. Isto trae consigo que a maior parte das familias se dedique ó sector primario, isto é, agricultura e ganderaría, e que, polo tanto, o nivel socioeconómico do noso alumnado sexa, maioritariamente, de carácter medio ou medio-baixo. De tódolos xeitos, tamén contamos cun sector servizos no núcleo urbano e una pequena industria alimentaria, de automoción, transporte, etc. nunha pequena área industrial que se atopa ás aforas da vila.

Polo que se refire ó nivel educativo das familias, predominan os estudos básicos ou medios cunha menor presenza de estudos superiores.

Deste xeito, este contexto que acabamos de expoñer inflúe nos hábitos lectores do alumnado que están limitados en certos sectores, así como o acceso desigual a recursos culturais e tecnolóxicos. É por isto que é preciso atender, dende o centro, a necesidade de reforzo en competencia lingüística e informacional para estas alumnas e alumnos.

2.4. **Recursos socioculturais**

Vilalba conta cunha dotación bastante relevante de recursos a distintos niveis, entre os que destacan:

- Recursos culturais:
 - Biblioteca municipal.
 - Auditorio no que se levan a cabo actos culturais de todo tipo, como concertos musicais, obras de teatro, exposicións varias, etc.
 - Casa da cultura.
- Outros recursos:

- Conservatorio profesional.
- Escola de Música (Esmuvi).
- Asociacións culturais e veciñais.
- Eventos tradicionais (feiras, actividades culturais...).

No noso centro non contamos con ningunha ANPA. Ó ser un centro relativamente pequeno, tanto dende as titorías como dende o equipo de orientación, estamos próximos ás familias que poden acudir ó centro ante calquera dúbida, problema, etc. e facer propostas e aportacións sobre calquera aspecto que consideren oportuno ou necesario. Tamén poden participar a través dos representantes das nais e pais no Consello Escolar que exercen como voceiros das familias. En calquera caso, ata o momento, a participación das familias é variable e con bastante marxe de mellora.

Por outro lado, debemos destacar a colaboración das empresas da contorna, especialmente no que respecta ós ciclos de FP (Formación Profesional), coa acollida de alumnado en prácticas, charlas sobre as distintas áreas empresariais ou sobre aspectos interesantes a nivel laboral, económico, etc.

Neste sentido, contamos tamén coa colaboración do Concello, institución dende a que recibimos charlas e talleres sobre distintos temas así como colaboración en datas conmemorativas como o 25N ou o 8M.

En definitiva, o centro destaca polo seu forte vínculo co tecido empresarial, especialmente para a formación en centros de traballo.

2.5. Contexto educativo

Para desenvolver unha información máis precisa sobre o contexto educativo, convén dar unhas pinceladas sobre algúns aspectos moi concretos que caracterizan este centro. Estamos ante un IES cunha forte tradición en FP e cunha oferta educativa varia (Ciclos formativos de grao medio e superior, FP básica e educación para adultos: ESPA e Bacharelato semipresencial). Debido a esta variedade de oferta, contamos cun alumnado moi diverso tanto en idade (cunha presenza significativa de adultos) como en intereses e motivacións, o cal trae consigo unha importante diferenza nas expectativas académicas e profesionais de dito alumnado.

Dito isto e despois de levar a cabo diferentes enquisas así como de observar as alumnas e alumnos nas aulas e de solicitar referencias do profesorado e dos titores, estamos en disposición de afirmar que as competencias do alumnado, a nivel xeral, son as seguintes:

- Comprensión e expresión escrita: nivel heteroxéneo, con dificultades en boa parte do alumnado. Temos que ter en conta que parte das nosas alumnas e alumnos son estranxeiros e, nalgúns casos, teñen unha lingua totalmente diferente á nosa.
- Expresión oral: aceptable en contextos coloquiais pero precisa mellora en contextos formais.
- Competencia dixital: aceptable, con diferenzas segundo os perfís (máis desenvolvida en FP).

Acceso á información:

- Dificultades na selección e análise crítica de fontes.
- Uso instrumental das TIC, pero menor competencia informacional.

Neste punto, non podemos esquecer que temos alumnado cunha baixa competencia lingüística derivada de situacións como a procedencia doutros países con outras linguas diferentes á nosa, a incorporación tardía ó sistema educativo, ou as necesidades específicas derivadas da educación de adultos. É por isto que debemos ter ben presente a necesidade de contar na nosa biblioteca con materiais accesibles así como con estratexias inclusivas a todos os niveis.

2.6. Conclusión da análise do contexto

O contexto do IES Lois Peña Novo caracterízase por:

- a) Unha contorna rural con centro urbano dinamizador.
- b) Predominio do galego e situación de bilingüismo.
- c) Diversidade socioeconómica con presenza relevante do sector primario.
- d) Boa dotación de recursos culturais a nivel local.
- e) Un perfil educativo singular, marcado pola Formación Profesional e a
- f) educación de adultos.

Este contexto evidencia a necesidade de:

- a) Mellorar a competencia lectora e escritora en todas as ensinanzas .
- b) Reforzar a alfabetización informacional e o pensamento crítico.
- c) Fomentar hábitos lectores en alumnado diverso.
- d) Adaptar as actuacións á heteroxeneidade do alumnado.
- e) Integrar lectura, escritura e acceso á información nun enfoque funcional
- f) e aplicado.

3. MARCO NORMATIVO

O deseño e implementación do PLEA réxese polas seguintes disposicións:

1. **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de Educación (LOE), especialmente os artigos 2.2, 19, 24, 25 e 113, que regulan o fomento da lectura, a comprensión lectora e o papel das bibliotecas escolares.
2. **Decreto 156/2022 e Decreto 157/2022**: ordenación e currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia.
3. Resolución do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso 2025/26, que establece no seu apartado 31 o tempo de lectura para todas as etapas.
4. Resolución do 16 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do

PLEA nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 1 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, sobre organización e funcionamento das bibliotecas escolares.

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

4.1. Traxectoria do centro

O IES Lois Peña Novo forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) desde o curso 2013/14, o que lle confire unha sólida base de experiencia na xestión e dinamización da biblioteca escolar e no fomento da lectura.

4.2. Recursos e espazos

- A biblioteca está configurada como un «laboratorio creativo de aprendizaxes», con puntos de lectura informal espallados polo centro.
- A temática do curso 2025/26 para as bibliotecas escolares é o deseño.
- Xestión do fondo mediante o sistema Meiga (catálogo, préstamo e estatísticas).
- Inclusión: sinalización con pictogramas, fondos en braille e sección de lectura fácil.
- Sección de lectura en lingua inglesa organizada por niveis MCER.
- Canles de comunicación activas: Instagram (@biblio.lpn), Aula Virtual (Moodle), web do centro, radio escolar.
- Plataforma ELBE.2 de préstamo de libros electrónicos.

4.3. Oferta formativa do centro

O IES Lois Peña Novo imparte as seguintes ensinanzas no curso 2025/26

Tipo de ensino	Denominación	Réxime / Observacións
FP Grao Básico (CB)	CB Informática de oficina CB Mantemento de vehículos	Diúrno
FP Grao Medio (CM)	CM Instalacións eléctricas e automáticas. CM Atención a persoas en situación de dependencia. CM Electromecánica de vehículos automóviles CM Sistemas microinformáticos e redes (SMR)	Diúrno
FP Grao Superior (CS)	CS Administración de sistemas informáticos en rede (ASIR) – plurilingüe CS Administración e finanzas CS Mecatrónica industrial – dual intensiva	Diúrno. ASIR en modalidade plurilingüe.
ESPA	Educación Secundaria para Persoas Adultas	Nocturno · 18:00–22:00 h (L–X)

Tipo de ensino	Denominación	Réxime / Observacións
Bacharelato semipresencial	Bacharelato de adultos en réxime semipresencial	Nocturno · 18:45–22:00 h (L–X) · ~3 h diarias
Outros	Galego e castelán para inmigrantes	Programa de acollida lingüística

4.4. Necesidades detectadas

- Validar mediante enquisas no 1º trimestre os hábitos lectores reais e o nivel de competencia ALFIN/AMI do alumnado, en especial a capacidade para identificar noticias falsas.
- Adaptar os itinerarios lectores á heteroxeneidade da oferta: perfís profesionais moi distintos en FP, adultos con bagaxe diversa en ESPA e Bacharelato semipresencial.
- Establecer criterios comúns para traballos escritos e uso ético da cita bibliográfica en todos os módulos.

5. FINALIDADES E OBXECTIVOS

Os obxectivos do PLEA estrutúranse conforme os tres eixos establecidos na Resolución do 16/10/2025 (apartado segundo):

5.1. En relación coa lectura

- Mellorar a competencia lectora de todo o alumnado e fomentar a lectura crítica.
- Sistematizar a práctica lectora diaria mediante a *Hora de ler* en todos os grupos.
- Consolidar a biblioteca como espazo de acceso equitativo a lecturas en diferentes soportes e formatos.
- Dinamizar o Club de lectura *Nós tamén* (incluíndo as variantes *Us too* e *Nós Inclusivo*).
- Promover encontros con autoras e autores e saídas culturais vinculadas ás lecturas.

5.2. En relación coa escritura

- Mellorar a produción de textos escritos en múltiples soportes e formatos.
- Impulsar a Radio Escolar e a creación de podcasts para a difusión de experiencias e recomendacións lectoras.
- Deseñar obradoiros de escritura creativa e funcional vinculados ao contexto profesional e vital de cada grupo.
- Promover a participación en certames literarios, blogs e publicacións escolares.

5.3. En relación co uso e tratamento da información

- Favorecer as alfabetizacións múltiples: visual, informacional e mediática (ALFIN/AMI).
- Garantir a formación inicial de usuarios (CDU, catálogo Meiga, plataforma ELBE.2) para os primeiros cursos de cada nivel.
- Desenvolver estratexias para localizar, seleccionar, citar fontes fiables e identificar desinformación.

- d) Integrar o uso crítico da intelixencia artificial xerativa nos procesos de busca e produción de información, especialmente nos ciclos de FP.

6. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

O PLEA organízase arredor de cinco eixos estratéxicos:

Eixo	Denominación	Descrición
1	Fomento da lectura	Práctica diaria sistemática (Hora de ler), Club de lectura e encontros con autores.
2	Impulso da escritura	Obradoiros de linguaxe creativa, xornalística e oratoria. Radio escolar e podcasts.
3	ALFIN/AMI	Estratexias para localizar, seleccionar, citar fontes fiables e identificar desinformación.
4	Biblioteca Inclusiva	Accesibilidade de materiais, lectura fácil, braille e atención á diversidade.
5	Participación comunitaria	Implicación das familias, voluntariado e traballo en rede con outras entidades.

7. ACTUACIÓNS CONCRETAS (PXA 2025/26)

As seguintes actuacións constitúen a concreción anual do PLEA para o curso 2025/26 e incorporaranse á Programación Xeral Anual. Para os cursos sucesivos (2026/27–2029/30), as actuacións actualizaranse anualmente a través da PXA.

Actuación	Descrición	Responsables	Período	Indicadores
Hora de ler	Mínimo de 20' diarios. Rotación semanal de horas (ver Anexo B). Abrangue todos os grupos e réximes.	Todo o Claustro.	Todo o curso	Rexistro de aula; % grupos participantes
Club de lectura Nós tamén	Lecturas variadas: novela, banda deseñada, temática inclusiva. Variedades <i>Us too</i> (coordinado polo Dpto. de Inglés) e <i>Nós Inclusivo..</i>	M. Yáñez Castiñeira.	Todo o curso	Nº sesións; Nº participantes
Itinerario Informacional	Criterios comúns para traballos escritos: cita bibliográfica, uso ético	CCP / Departamentos	1º trimestre	% traballos con citas correctas

Actuación	Descrición	Responsables	Período	Indicadores
	de fontes e de IA. Incorporado nas PPDD.			
Radio escolar e Podcasts	Gravación de recomendacións lectoras, entrevistas e experiencias. Un podcast mensual publicado na web.	Equipo BE	Mensual	Nº de podcasts publicados
Formación de usuarios	Sesións CDU para primeiros cursos. Uso da plataforma ELBE.2. Formación de voluntariado e profesorado de garda.	M. Felpeto / Titores	Outubro	Grao de autonomía do alumnado
Efemérides (Días D)	Día das BE (outubro); Samaín; 25N; Día da Paz; 8M; Día do Libro; Letras Galegas (Begoña Caamaño).	Dinamización BE	Calendario Días D	% participación por actividade
Saída/visita cultural	Visita relacionada con algunha das obras do Club de lectura (ex. A dama de Anboto).	Equipo BE	2º/3º trimestre	Nº participantes
Sección novas adquisicións	Bookflix na entrada da biblioteca coas novas conmemoracións. Actualización do catálogo Meiga con fondos en galego.	M. Felpeto	Continuo	Nº de novas incorporacións
Lectura informal en gardas	Fomento da lectura durante os tempos de garda cando falta algún docente.	Profesorado de garda	Continuo	Rexistro de incidencias

8. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN

Órgano / Persoa	Funcións no PLEA

Órgano / Persoa	Funcións no PLEA
Equipo Directivo	Lidera o deseño, implementación, seguimento, avaliación e difusión do PLEA. Vela pola integración nas programacións didácticas e asigna horario de dedicación á persoa coordinadora.
Coordinadora PLEA María Felpeto Losada (Lingua Castelá e Literatura e coordinadora da biblioteca)	Redacta o PLEA. Deseña estratexias e accións. Coordina a posta en marcha. Realiza o seguimento periódico e informa a dirección. Actúa como referente e facilitadora da comunicación entre equipos docentes.
Club de lectura Marta Yáñez Castiñeira (Inglés)	Coordina o Club de lectura <i>Nós tamén, Us too</i> e <i>Nós Inclusivo</i> . Colabora na selección de fondos en inglés.
Comisión de Biblioteca	Apoio técnico, organización de actividades e mantemento do catálogo Meiga.
CCP / Claustro	Consenso das estratexias PLEA. Incorporación nas programacións didácticas. Participación na Hora de ler.
Consello Escolar	Aprobación do PLEA ao remate do 3º trimestre de 2025/26.

9. TEMPORALIZACIÓN DA FASE DE ELABORACIÓN

Seguindo o cronograma establecido na Resolución do 16 de outubro de 2025 (apartado terceiro):

Período	Actuación
1º Trimestre (outubro–decembro 2025)	Diagnose inicial: análise do contexto sociocultural, enquisas de hábitos lectores ó alumnado e ó profesorado, revisión dos resultados das avaliacións internas.
2º e 3º Trimestre (xaneiro–maio 2026)	Redacción do documento PLEA polo equipo coordinador en colaboración coa CCP e o Claustro.
Final do 3º Trimestre (xuño 2026)	Presentación ao Claustro e aprobación polo Consello Escolar.

Período	Actuación
Curso 2026/27	Inicio da implementación efectiva do PLEA. Incorporación ao Proxecto Educativo de Centro (PEC). Vixencia: 2026/27 – 2029/30 (4 cursos).

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O proceso de avaliación, responsabilidade da persoa coordinadora en colaboración co equipo directivo, consta de dúas fases:

- **Seguimento continuo (trimestral):** revisión da metodoloxía, participación da comunidade educativa, idoneidade das actividades e recursos, e detección de aspectos mellorables.
- **Avaliación final de curso:** revisión de indicadores de impacto, recollida de resultados e integración na Memoria Anual do centro, que servirá de base para planificar o curso seguinte.

10.1. Instrumentos de recollida de información

- **Estatísticas Meiga:** número de préstamos, morosidade e uso de fondos dixitais.
- **Enquisas de satisfacción** ao alumnado, ao profesorado e ás familias.
- **Observación directa:** rexistro de incidencias e logros nas actividades lúdicas, de radio e de club de lectura.
- **Táboas de valoración:** cualificación de 1 a 4 dos obxectivos acadados.

10.2. Dimensións de avaliación

- ➔ Melloras no equipamento e instalación da biblioteca.
- ➔ Xestión e dinamización da biblioteca.
- ➔ Participación da comunidade educativa.
- ➔ Calidade das actividades de lectura e escritura.
- ➔ Coordinación con entidades externas.
- ➔ Progreso do alumnado en competencia lectora, escritora e informacional.
- ➔ Interrelación con outros plans do centro.
- ➔ Grao de satisfacción dos diferentes axentes implicados.

11. RELACIÓN CON PROGRAMAS E RECURSOS

Programa / Recurso	Vinculación co PLEA
Plan LÍA 2021/ 2025 (Bibliotecas Escolares de Galicia)	Marco de referencia para a construción dunha sociedade lectora. O PLEA alíña os seus obxectivos cos do Plan LÍA.

Programa / Recurso	Vinculación co PLEA
Plan MEGA	Estratexia galega de mellora educativa. O PLEA é un dos eixos de reforzo da comprensión lectora e o pensamento crítico.
PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares)	O centro participa desde 2013/14. O PLEA integra e potencia as accións desenvolvidas no PLAMBE.
ELBE.2	Plataforma de préstamo de libros electrónicos da Xunta de Galicia, integrada nas accións de formación de usuarios.
Radio na Biblio	Programa de apoio á oralidade, á creación e á difusión de experiencias lectoras.
Rede de Mentoría PLEA	Asesoramento externo facilitado pola Consellería para o deseño e implementación do plan.

ANEXOS

ANEXO A. MODELO DE ENQUISA INICIAL PARA O ALUMNADO

Enquisa de diagnose para aplicar no 1º trimestre de 2025/26. Adaptarase ao nivel de cada grupo (CB, CM, CS, ESPA, Bacharelato semipresencial).

1. Canto tempo dedicas á lectura por pracer fóra do centro escolar?

- a) Menos de 30 minutos á semana
- b) Entre 30 minutos e 2 horas á semana
- c) Máis de 2 horas á semana

2. Sabes como citar a fonte de información dunha imaxe ou texto que usas nun traballo?

- a) Si, sempre o fago
- b) Ás veces
- c) Non, non sei como

3. Cales son as túas canles preferidas para informarte? (podes marcar varias)

- a) Instagram
- b) TikTok
- c) YouTube
- d) WhatsApp
- e) Xornais en papel
- f) Web de noticias
- g) Radio ou TV
- h) Outras (especificar cales):

4. Utilizas os recursos da biblioteca do centro? (préstamo, ordenadores, xogos, catálogo en liña)

- a) Nunca
- b) Algunha vez
- c) Habitualmente

5. Cando buscas información para un traballo, como decides se unha fonte é fiable?

Resposta aberta:

ANEXO B. CRONOGRAMA DE ROTACIÓN «HORA DE LER»

Base: Plan Anual de Biblioteca 2025/26 e Resolución do 5 de xuño de 2025 (apartado 31). Establécese un mínimo de 20 minutos diarios, con rotación semanal de horas para implicar a todo o claustro.

A Hora de ler iníciase a partir da primeira semana completa de outubro. Os horarios e normas estarán expostos en cada aula e na Aula Virtual.

Grupo	Franxa horaria	Ciclo de rotación	Patrón semanal
FP diúrno (CB, CM e CS)	Mañá (aprox. 8:00–14:15 h)	6 semanas (reinicia)	Semana 1 → 1ª hora · Semana 2 → 2ª hora · Semana 3 → 3ª hora Semana 4 → 4ª hora · Semana 5 → 5ª hora · Semana 6 → 6ª hora
ESPA (adultos, nocturno)	18:00–22:00 h (L–X)	4 semanas (reinicia)	Semana 1 → 1ª hora (18:00) · Semana 2 → 2ª hora (19:00) Semana 3 → 3ª hora (20:00) · Semana 4 → 4ª hora (21:00)
Bacharelato semipresencial (adultos, nocturno)	19:45–22:00 h (L–X)	3 semanas (reinicia)	Semana 1 → 1ª hora (19:45) · Semana 2 → 2ª hora (20:30) Semana 3 → 3ª hora (21:15)

Indicacións de aplicación

- Os libros levaranse á aula a través do sistema de préstamo da biblioteca (Meiga). O profesorado actúa como mediador lector.
- O alumnado pode levar o libro ao fogar mediante préstamo ou autopréstamo.
- Nos grupos de adultos, a selección de lecturas adaptarase a textos de non ficción, textos funcionais e lectura dixital, ademais da lectura literaria.
- A Hora de ler poderase realizar na biblioteca, que ofrecerá un ambiente máis axeitado e acceso directo ao fondo.

ANEXO C. TÁBOA DE INDICADORES AMI (ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL)

Escala de valoración: 1 (non acadado) – 2 (en proceso) – 3 (acadado) – 4 (sobresaliente)

Eixo	Indicador	Grupo / Nivel	Valor
L	O alumnado identifica polo menos 3 sinais de noticia falsa nun titular ou noticia breve.	Todos	
L	O alumnado distingue entre fonte primaria e fonte secundaria.	CM / CS / Bacharelato	
E	O alumnado usa bibliografía correcta en traballos de investigación.	CS / Bacharelato	
E	O alumnado produce un texto de polo menos 150 palabras con estrutura coherente.	CM / CS / ESPA / Bacharelato	
I	O alumnado sabe usar o catálogo Meiga para localizar un libro por materia.	Todos	
I	O alumnado identifica e cita correctamente polo menos unha fonte dixital fiable.	CM / CS / ESPA / Bacharelato	
I	O alumnado de ASIR/SMR avalía criticamente documentación técnica en liña (data, autoría, versión).	CS (ASIR/SMR)	
I	O alumnado usa a IA xerativa como ferramenta de apoio (non como substituto) e verifica a información xerada.	CS / Bacharelato	

L = Lectura · E = Escritura · I = Uso e tratamento da información